



INFORME SOBRE AS VIOLENCIAS SEXUAIS 2020



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE
Secretaría Xeral da Igualdade

galicia

Informe elaborado por:

Secretaría Xeral da Igualdade.

Consellería de Emprego e Igualdade

Xunta de Galicia.

Marzo de 2021

CONTEXTO

A violencia sexual constitúe unha grave violación dos dereitos humanos e unha das manifestacións máis estendidas de violencia contra as mulleres e as nenas, baseada na discriminación por motivos de xénero tanto en España como noutros países de todo o mundo.

Ademais, a violencia sexual é calquera acto de carácter sexual contra unha persoa sen o seu consentimento. O Código Penal español regula varios tipos de violencia sexual. A diferenciación da violación como agresión sexual ou abuso sexual, segundo se produza con ou sen violencia ou intimidación, foi sido especialmente cuestionada pola sociedade en xeral, e especialmente polos movementos feministas na súa defensa das vítimas de violencia sexual.

A Organización Mundial da Saúde (OMS) define a violencia sexual como “todo acto sexual, tentativa de consumir un acto sexual, os comentarios ou insinuacións sexuais, non desexados, ou as accións para comercializar ou utilizar de calquera outro modo a sexualidade dunha persoa mediante coacción, independentemente da relación desta coa vítima, en calquera ámbito, incluídos o fogar e o lugar de traballo.

A coacción pode abarcar:

- uso de graos variables de forza
- intimidación psicolóxica
- extorsión
- ameazas (por exemplo de dano físico ou de non obter un traballo ou unha calificación, etc.)

Tamén pode ocorrer cando a persoa agredida non está en condicións de dar o seu consentimento, por exemplo porque está ebria, baixo os efectos dun

estupefaciente ou durmida ou é mentalmente incapaz de comprender a situación.

O Estudio multipaís da OMS definiu a violencia sexual como actos nos que unha muller:

- foi forzada fisicamente a ter relacións sexuais en contra da súa vontade;
- tivo relacións sexuais contra a súa vontade por temor ao que puidera facer a súa parella;
- foi obrigada a realizar un acto sexual que consideraba degradante ou humillante

A violación, o acoso sexual, a trata e a mutilación xenital feminina son formas de violencia que representan unha agresión á sexualidade feminina. Finalmente, o Comité CEDAW recoñeceu que “a opinio juris e a práctica dos Estados dan a entender que a prohibición da violencia por razón de xénero contra a muller pasou a ser un principio do dereito internacional consuetudinario”.

Coa ratificación do Convenio de Istambul en abril de 2014, España asumiu como propios os principais instrumentos que protexen os dereitos humanos das mulleres e nenas. O Convenio de Istambul reforza os elementos centrais das obrigacións do Estado español fronte a todas as violencias contra a muller, incluída a sexual: a integralidade da resposta (prevención, detección, atención e recuperación integral –a curto, medio e longo prazo–, protección, xustiza, incluída a obtención de indemnización), a actuación desde o enfoque de xénero e a prohibición de discriminación. A súa importancia tamén radica en que é o primeiro tratado que explicitamente prohibe a discriminación por motivos de orientación sexual ou de identidade de xénero. Tamén explicitamente inclúe ás mulleres migrantes e refuxiadas

ESPAÑA

EN 2018 A DELEGACIÓN DO GOBERNO PARA A VIOLENCIA DE XÉNERO PRESENTABA O ESTUDO SOBRE A PERCEPCIÓN SOCIAL DA VIOLENCIA SEXUAL, CUXAS CONCLUSIÓNS MÁIS RELEVANTES FORON:

1. A maior parte da poboación condena a violencia sexual.
2. Con todo, cando se pregunta por comportamentos de violencia sexual que non implican relacións sexuais ou cando estas relacións enmárcanse no ámbito da parella, diminúe de forma substancial a porcentaxe de persoas que os condenan.
3. A importancia que a poboación dá ao papel do alcol nas agresións sexuais difire en función de se o consumo foi por parte da vítima ou do agresor.
4. Máis de 8 de cada 10 persoas rexeitan afirmacións que culpan á vítima dunha agresión sexual de forma explícita, pero este rexeitamento diminúe de maneira importante cando as afirmacións son máis indirectas.
5. O 40,9% dos homes e o 33,4% das mulleres considera que a responsabilidade para controlar o acoso sexual reside na muller acosada. Esta crenza dificulta que as vítimas pidan axuda e favorece que os agresores manteñan o seu comportamento, fomentando así que a violencia sexual perpetúese.
6. Máis do 95% da poboación considera inaceptables todos os comportamentos de violencia sexual ligados ao uso das novas tecnoloxías.
7. O 32% das persoas enquisadas considera as campañas de sensibilización contra as agresións sexuais como a mellor opción para previr as agresións sexuais.



8. Principais características sociodemográficas asociadas ao rexeitamento do sexismo, o acoso sexual no traballo e as agresións sexuais:

Muller: as mulleres, en todos os casos, mostran un rexeitamento superior ao dos homes.

Mocidade: as xeracións máis novas mostran un rexeitamento superior ao das persoas maiores de 60 anos

A educación: a medida que aumenta o nivel de formación increméntase o rexeitamento ao sexismo, o acoso sexual no traballo e as agresións sexuais.

GALICIA

**2020 PERCEPCIÓN SOCIAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO EN GALICIA:
VIOLENCIA SEXUAL**



O obxectivo xeral da enquisa realizada en Galicia no pasado ano 2020 era profundar no coñecemento da violencia de xénero en Galicia, incluíndo a violencia sexual e as súas implicacións na sociedade, de xeito que permita deseñar e orientar con eficacia as políticas públicas de prevención e loita contra esta violencia.

Este traballo enmárcase no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e incorpora entre os seus eixos de actuación a necesidade de mellorar o coñecemento acerca desta problemática, como instrumento indispensable para a loita contra a violencia contra a muller, de maneira que se avance no coñecemento das súas formas, incidencia, causas e consecuencias, permitindo orientar as políticas públicas na materia.

Os conceptos e definicións empregados nesta enquisa acóllense ao establecido pola “Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero”. Dita norma establece no seu artigo 12 a necesidade de que os poderes públicos (neste caso a Xunta de Galicia) potencien a investigación da violencia de xénero en diferentes ámbitos: causas e consecuencias, as maneiras de evitala e o grao de sensibilización da sociedade sobre o tema, asunto este último no que que incide especialmente o ámbito de actuación do presente estudo.

Así pois, a violencia de xénero engloba calquera “acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres, que teña ou poda ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicológico sobre elas, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público como na vida familiar ou persoal”.

Préstase atención específica tamén á violencia sexual contra a muller, como forma particular da violencia de xénero conceptualizada como un acto de natureza sexual forzada polo agresor ou non consentida pola muller, e que abarca a imposición, mediante a forza ou con intimidación, de relacións sexuais non consentidas, como os abusos e agresións sexuais e as violacións, así como o acoso sexual, con independencia de que o agresor garde ou non relación conxugal, de parella, afectiva ou de parentesco coa vítima.

- **METODOLOXÍA**

A enquisa fíxose no mes de xullo de forma telefónica a 3.874 persoas residentes en Galicia e de 18 ou máis anos de idade, o que supón un aumento do tamaño da mostra dun 287% con respecto á última enquisa (no ano 2012 foron 1.001 as persoas enquisadas)

A distribución poboacional das 3.874 persoas enquisadas foi de: 2.156 mulleres o 55,7% e 1.717 homes o 44,3% e, por provincias realizáronse as seguintes enquisas:

- 1.598 na Coruña;
- 1.340 en Pontevedra,
- 478 en Lugo e
- 458 en Ourense.

Sinalar que algo máis da metade da poboación que participou no estudo reside no ámbito rural, o 58,4%, mentres o 41,6% das persoas enquisadas residen en áreas urbanas.



Lémbrese que en Galicia, dende a aprobación no ano 2007 da Lei Galega para a prevención e tratamento da violencia de xénero, a violencia sexual se recoñece tamén como unha forma de violencia de xénero

○ COÑECEMENTO E PERCEPCIÓN DA VIOLENCIA SEXUAL

Este apartado expón a opinión que a poboación residente en Galicia manifesta sobre as causas da violencia sexual e a situación das mulleres vítimas desta violencia.


No concepto de violencia sexual contra a muller inclúese calquera acto de natureza sexual forzada polo agresor ou non consentida pola muller, e abarca a imposición, mediante a forza ou con intimidación, de relacións sexuais non consentidas, como os abusos e agresións sexuais e as violacións e o acoso sexual. Todo elo con independencia de que o agresor garde ou non relación conxugal, de parella, afectiva ou de parentesco coa vítima.

En relación aos **motivos que a cidadanía considera como desencadeantes da violencia sexual**, o maior grao de acordo (todos por enriba do 80%) maniféstase co “machismo imperante na sociedade”, os “problemas psicolóxicos ou mentais dos agresores”, a “falta de autocontrol do agresor” e o “abuso de alcohol e drogas” dos agresores.


Menor consideración obteñen os que se poden definir como motivos vinculados directamente ao comportamento sexual, como é a “educación sexual deficiente entre a mocidade” (78,4%) e “o aumento no consumo de pornografía (67,1%).

Un 7% da poboación alude a outros motivos diferentes dos expostos, como a “carencia dunha educación en valores e igualdade” para toda á sociedade. Outras respostas comúns son a “levedade das penas impostas ou impunidade” a este tipo de comportamentos ou o afán de “dominación, abuso de poder do home sobre a muller”.

Gráfica 1. Motivos da violencia sexual



Gráfica 2. *Motivos da violencia sexual. Outros.*



Segundo o **sexo**, aínda que todas as categorías son mencionadas de xeito maioritario como posibles motivos da violencia sexual, aprécianse algunhas diferenzas entre homes e mulleres.


A grandes liñas, os **homes** tenden a identificar en maior proporción como desencadeantes problemas relacionados coa personalidade do agresor, como o “abuso de alcohol ou drogas”, “problemas psicolóxicos ou mentais do suxeito”, ou a “falta de autocontrol”, mentres que as **mulleres** cren en maior medida que unha das razóns deste tipo de violencia é un “machismo instalado en xeral na sociedade”. Tamén as mulleres mencionan con máis frecuencia o “aumento do consumo de pornografía” como posible causante.

Por **idade**, existen diferenzas sensíbles entre os diferentes grupos. En primeiro lugar, pode observarse que os temas referidos á conciencia social son máis sinalados pola xente moza e vai descendendo conforme avanza a idade. Así, por exemplo, o “machismo en xeral na sociedade” é visto como causa da violencia sexual por un 92,1% das persoas entre 18 e 29 anos, fronte a 76,4% das de máis de 65 anos. Tamén os mozos e mozas consideran en maior medida que a “educación sexual que existe entre a mocidade é deficiente” e isto ten consecuencias no aumento deste tipo de violencia (85,9% fronte a 69% do grupo de idade superior).


No caso dos aspectos vinculados directamente co perfil do agresor, son as persoas de idades intermedias as que en maior proporción refírense a eles, como sucede no caso do “abuso de alcohol e drogas” ou a “falta de autocontrol” dos mesmos.

O único motivo cuxa importancia aumenta a medida que o fai a idade é o “consumo de pornografía”. As persoas maiores de 65 anos o encontran como factor influente no aumento da violencia sexual nun 72,2%, en contraposición ao 58,8% da poboación de 18 a 29 anos.


Gráfica 3. Motivos da violencia sexual segundo sexo
(% de “Si” sobre o total de respostas obtidas)



Gráfica 4. Motivos da violencia sexual segundo idade
(% de “Si” sobre o total de respostas obtidas)



Gráfica 5. Motivos da violencia sexual segundo provincia de residencia
(% de “Si” sobre o total de respostas obtidas)




A continuación analízase a **percepción que a cidadanía galega ten acerca da situación das mulleres que sufriron algún tipo de violencia sexual**. A maioría das persoas afirman estar moi ou bastante de acordo con que “son tratadas inxustamente e a súa credibilidade vese cuestionada dalgún xeito”, en concreto o 62,8%. Similar é a porcentaxe da poboación que cre que as

mulleres “non están suficientemente protexidas pola lexislación actual” (61,8%).

É exigua, en cambio, a proporción de persoas que están de acordo en que as mulleres que sufriron violencia sexual “non tiveron suficiente coidado” á hora de protexerse (12,5% está moi ou bastante de acordo con esta afirmación) e que “en ocasións provocaron ao agresor dalgún xeito” (9,6%).

Gráfica 6. Grao de acordo ou desacordo coas seguintes afirmacións sobre as mulleres que sufriron violencia sexual




Por **sexo**, as mulleres móstranse en maior medida de acordo con que a situación da vítima é de vulnerabilidade ante este tipo de situacións e, por exemplo, afirman en maior proporción que “son tratadas inxustamente e a súa credibilidade vese cuestionada” (67,5% fronte ao 56,9% dos homes) ou que “non están suficientemente protexidas pola lexislación actual” (64,4% nas mulleres e 58,4% nos homes). En canto á percepción de que as vítimas “non tiveron suficiente coidado” ou de que “en ocasións provocaron ao agresor dalgún xeito”, é algo no que están máis de acordo os homes (16,2% e 13,2% respectivamente, estando por debaixo do 10% as mulleres), se ben segue sendo unha postura minoritaria.

Atendendo á **idade**, tamén atópanse diferenzas importantes entre os colectivos. En xeral, a medida que diminúe a idade da persoa móstrase máis de acordo con que as vítimas “son tratadas inxustamente e se cuestiona a súa credibilidade” e “non están suficientemente protexidas pola lexislación” (72,9% e 68,3% da poboación de 18 a 29 anos está moi ou bastante de acordo con estas afirmacións respectivamente), a diferenza das persoas maiores de 65 anos (55,9% e 54,7).


No caso das outras dúas afirmacións prodúcese a tendencia contraria, de xeito que os grupos de maior idade están máis de acordo en que dalgún xeito as vítimas “en ocasións provocaron ao agresor (15% nas persoas maiores de 65 anos fronte ao 4,8% da poboación de 18 a 29 anos) ou que “non tiveron suficiente coidado” (20,3% no caso do grupo de idade máis alta e 4,2% na xente máis nova).

Por **nivel de estudos**, a maior nivel formativo maior de acordo co tratamento inxusto e desprotección que reciben as vítimas e menor nivel de desacordo con culpabilidades de non ter coidado ou provocar ao agresor.


Gráfica 7. Grao de acordo ou desacordo coas seguintes afirmacións sobre as mulleres que sufriron violencia sexual segundo sexo
(% de “Moi ou bastante de acordo” sobre o total de respostas obtidas)



Gráfica 8. Grao de acordo ou desacordo coas seguintes afirmacións sobre as mulleres que sufriron violencia sexual segundo idade
(% de “Moi ou bastante de acordo” sobre o total de respostas obtidas)



Gráfica 9. *Grao de acordo ou desacordo coas seguintes afirmacións sobre as mulleres que sufriron violencia sexual segundo provincia de residencia*
(% de “Moi ou bastante de acordo” sobre o total de respostas obtidas)




RESUMO GALICIA PERCEPCIÓN DA VIOLENCIA SEXUAL

Cando se lle pregunta as persoas enquisadas por cal cren que é o motivo da violencia sexual, **o 80% están de acordo coas seguintes afirmacións:**

- **O machismo da sociedade**
- **Problemas psicolóxicos ou mentais dos agresores.**
- **A falta de autocontrol dos agresores.**
- **O abuso de alcohol ou drogas dos agresores.**

Unha porcentaxe tamén importante son os motivos vinculados directamente ao comportamento sexual, como son:

- **A educación sexual deficiente entre a mocidade (78,4%) e**
- **O aumento no consumo de pornografía (67,1%).**



Se diferenciamos a resposta por sexo, os homes tenden a identificar en maior proporción problemas relacionados coa personalidade do agresor,

como o abuso de alcohol e drogas, problemas psicolóxicos ou mentais do suxeito ou a falta de autocontrol.

Mentres as mulleres cren en maior medidas que unha das razóns deste tipo de violencia é o machismo instalado na sociedade e o aumento do consumo de pornografía como posible causante.



Dous datos a destacar:

- O 62,8% das persoas enquisadas afirma estar moi ou bastante de acordo con que as mulleres que sofren violencia sexual son tratadas inxustamente e a súa credibilidade vese cuestionada dalgún xeito
- Similar é a porcentaxe da poboación que cre que as mulleres non están suficientemente protexidas pola lexislación actual co 61,8%

8. COÑECEMENTO E PERCEPCIÓN DA VIOLENCIA SEXUAL

Información recollida durante a realización da investigación

O **62,8%** afirman estar moi ou bastante de acordo con que as mulleres que sofren violencia sexual "son tratadas inxustamente e a súa credibilidade vese cuestionada dalgún xeito".



Similar é a porcentaxe da poboación que cre que as mulleres "non están suficientemente protexidas pola lexislación actual", co **61,8%**.

As mulleres móstranse en maior medida de acordo con que a situación da vítima é de vulnerabilidade ante este tipo de situacións. En canto á percepción de que as vítimas "non tiveron suficiente coidado" ou de que "en ocasións provocaron ao agresor dalgún xeito", é algo no que están máis de acordo os homes, se ben segue sendo unha postura minoritaria.

A medida que diminúe a idade da persoa móstrase máis de acordo con que as vítimas "son tratadas inxustamente e se cuestiona a súa credibilidade" e "non están suficientemente protexidas pola lexislación".

8. COÑECEMENTO E PERCEPCIÓN DA VIOLENCIA SEXUAL

O 62,8% afirman estar moi ou bastante de acordo con que as mulleres que sofren violencia sexual "son tratadas inxustamente e a súa credibilidade vese cuestionada dalgún xeito".



Similar é a porcentaxe da poboación que cre que as mulleres "non están suficientemente protexidas pola lexislación actual", ca 61,8%.

As mulleres móstranse en maior medida de acordo con que a situación da vítima é de vulnerabilidade ante este tipo de situacións. En canto á percepción de que as vítimas "non tiveron suficiente coidado" ou de que "en ocasión provocaron ao agresor dalgún xeito", é algo no que están máis de acordo os homes, se ben segue sendo unha postura minoritaria.

A medida que diminúe a idade da persoa móstrase máis de acordo con que as vítimas "son tratadas inxustamente e se cuestiona a súa credibilidade" e "non están suficientemente protexidas pola lexislación".

EN SETEMBRO DE 2020 O MINISTERIO DE IGUALDADE PRESENTOU A MACROENQUISA DE VIOLENCIA CONTRA A MULLER 2019

A Macroenquisa de Violencia contra a Muller é a operación estatística máis relevante que se realiza en España sobre este tipo de violencia. Ademais, é a única estatística oficial para medir a prevalencia da violencia contra a muller. A Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero foi a encargada da súa elaboración nas edicións de 2011, 2015 e 2019.

A Macroenquisa 2019 é a sexta que se realiza en España.

O seu principal obxectivo é coñecer a porcentaxe de mulleres de 16 ou máis anos residentes en España que sufriron ou que sofren actualmente algún tipo de violencia polo feito de ser mulleres.

No ano 2015, o cuestionario da Macroenquisa modificouse de forma relevante en relación coas edicións anteriores (1999, 2002, 2006, 2011). Con este cambio, que principalmente tomou como referencia as Directrices para a Produción de Estatísticas de Violencia contra a Muller elaboradas pola División de Estatística das Nacións Unidas, buscouse medir con máis rigor a realidade da violencia contra a muller en España. Coa Macroenquisa de Violencia contra a Muller 2019 continuouse este proceso de mellora da calidade da enquisa.

Tomouse como punto de partida o cuestionario de 2015, que foi ampliado para poder capturar máis dimensións da violencia, cumprindo así o novo cuestionario con todos os requirimentos estatísticos do Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica (Convenio de Istambul) e dando resposta a varias medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

A Macroenquisa está dirixida ás mulleres residentes en España de 16 ou máis anos. As entrevistas realizáronse a unha mostra representativa de 9.568 mulleres.

Como principais novidades con respecto á edición de 2015 cabe destacar: 1) introdución dun módulo de preguntas para medir o acoso sexual e outro módulo para medir o acoso reiterado ou stalking, 2) ampliación do módulo de violencia sexual fose da parella para preguntar por todas as formas posibles de violencia sexual, coñecer as denuncias, a petición de axuda formal e informal, a satisfacción coa axuda recibida, etc. (preguntas que ata o de agora só facíanse para a violencia na parella), e saber detalles sobre os episodios de violencia sexual como as agresións en grupo ou o lugar da agresión, 3) ampliación dos ítems para medir a violencia sexual, psicolóxica e económica na parella, 4) novas preguntas para saber se a discapacidade, daquelas mulleres que a teñen, é consecuencia dos episodios de violencia, 5) novas preguntas sobre lesións, ingreso hospitalario, baixas laborais e diversas consecuencias físicas ou psicolóxicas da violencia.

Os tipos de violencia medidos na macro enquisa foron os seguintes:

Violencia da parella actual e violencia de parellas pasadas

- * Física
- * Sexual
- * Psicolóxica: comportamentos de control e violencia emocional
- * Económica

Violencia fora da parella

- * Física
- * Sexual

Acoso sexual

Acoso reiterado (stalking)

Mulleres especialmente vulnerables á violencia


PRINCIPAIS RESULTADOS:

En canto á violencia total é dicir, violencia da parella, violencia física ou sexual de persoas coas que non se mantivo unha relación de parella, acoso sexual e stalking. Referímonos a todas as violencias medidas na enquisa, desde unha mirada lasciva a unha violación, así como ás violencias cotiás que as mulleres experimentan.

➔ 1 de cada 2 mulleres (57,3%) residentes en España de 16 ou máis anos sufriron violencia ao longo das súas vidas por ser mulleres. Supoñen 11.688.411 mulleres.

POBOACIÓN DE MULLERES EN ESPAÑA		VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO	
	POBOACIÓN	PERANTE A SÚA VIDA	NO AO 2019
TOTAL MULLERES 2019	24.000.000		
MULLERES MAIORES DE 16	20.000.000	11.688.411	4.048.273

MULLERES VITIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO





1 de cada 5 (19,8%) sufriuna nos últimos 12 meses 4.048.276 mulleres de 16 ou máis anos

MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO 2019




VIOLENCIA FÍSICA E SEXUAL DE CALQUERA PERSOA

Parella actual, parellas pasadas, outras persoas coas que non se mantivo relación de parella

➔ Do total de mulleres de 16 ou máis anos residentes en España, o 13,7% (2.802.914 mulleres) sufriron violencia sexual ao longo da vida de calquera persoa (parella actual, parellas pasadas ou persoas coas que non se mantivo unha relación de parella), e o 1,8% (359.095 mulleres) nos últimos 12 meses.

MULLERES VÍTIMAS

VIOLENCIA SEXUAL E VIOLENCIA FÍSICA



	Física (a lo largo de la vida)	Sexual (a lo largo de la vida)	Física (últimos 12 meses)	Sexual (últimos 12 meses)
Porcentaje de mujeres de 16 o más años residentes en España que han sufrido la violencia	21,5%	13,7%	1,7%	1,8%
Número estimado de mujeres de 16 o más años residentes en España que han sufrido la violencia	4.387.480	2.802.914	351.770	359.095

VIOLENCIA SEXUAL NA PARELLA

Violencia sexual na parella actual ou en parellas pasadas

- Do total de mulleres de 16 ou máis anos residentes en España, o 14,2% (2.905.489) sufriu violencia física e/ou sexual dalgunha parella, actual, ou pasada, nalgún momento da súa vida.
- Na violencia na parella, a violencia física e sexual van sempre acompañadas de violencia psicolóxica.
- O 96,9% das mulleres que sufriron violencia física e/ou violencia sexual dalgunha parella, actual ou pasada, manifestan sufrir tamén algún tipo de violencia psicolóxica (emocional, control, económica ou medo).


AO LONGO DA VIDA



- O 25,0% das mulleres que sufriron violencia física da súa parella actual afirman que esta violencia tivo lugar só unha vez fronte ao 75% que din que sucedeu en máis dunha ocasión.
- O 10,0% das mulleres que sufriron violencia sexual por parte da súa parella actual afirman que esta violencia tivo lugar só unha vez, fronte ao 86,2% que din que sucedeu en máis dunha ocasión.


- ➔ O 14,9% das mulleres que sufriron violencia psicolóxica emocional da súa parella actual afirman que esta violencia tivo lugar só unha vez fronte ao 84,3% que manifestan que sucedeu en máis dunha ocasión.

FRECUENCIA DA VIOLENCIA EN PARELLA ACTUAL	PORCENTAXE
VIOLENCIA FÍSICA UNHA SOA VEZ	25,00 %
VIOLENCIA FÍSICA MAIS DUNHA VEZ	75,00 %
VIOLENCIA SEXUAL UNHA SOA VEZ	10,00 %
VIOLENCIA SEXUAL EN MAIS DUNHA OCASIÓN	86,20 %
VIOLENCIA PSICOLÓXICA UNHA SOA VEZ	14,90 %
VIOLENCIA PSICOLÓXICA EN MAIS DUNHA OCASIÓN	84,30 %




Denuncia da violencia sexual da parella

- ➔ O 21,7% das mulleres que sufriron violencia física, sexual, emocional ou que sentiron medo denunciou (a propia muller ou outra persoa ou institución) algunha destas agresións na policía ou no xulgado



Estimouse que 5.108.454 mulleres de 16 anos ou máis sufriron violencia dalgunha parella e habería **3.118.723** mulleres que non denunciaron nin acudiron a servizos de axuda formal tralos episodios de violencia da parella e habería 1.989.731 de mulleres que si o fixeron.




Número de mulleres que denunciaron a violencia da parella ou buscaron axuda en servizos de axuda formal (casa de acollida, socio-sanitarios,...).

Motivos para non denunciar

No caso das mulleres que sufriron violencia da parella actual, os motivos máis citados para non denunciar foron

- Resolvelo soa
- Non dar importancia á violencia sufrida.
- Terminar a relación
- Carecer de recursos económicos propio

MOTIVOS POLOS QUE NON DENUNCIAN AS VÍTIMAS		
VÍTIMAS	MOTIVO	PORCENTAXE
VÍTIMAS DA PARELLA ACTUAL	POR RESOLVELO SOA	49,20 %
	NON LLE DA IMPORTANCIA	46,40 %
VÍTIMAS DA EX-PARELLA	POR RESOLVELO SOA	53,40 %
	TERMINAR A RELACIÓN	31,80 %



Consecuencias da violencia sexual dentro da parella

Lesións, consumo de substancias e discapacidade como consecuencia da violencia na parella

	das mulleres que sufriron violencia física e /ou violencia sexual dalgunha parella (1.353.938 mulleres) sufriron lesións como consecuencia desta violencia.
	das mulleres que sufriron violencia física, sexual ou emocional dalgunha parella afirman que os episodios de violencia producíronlles algunha consecuencia psicolóxica.
	mulleres que sufriron violencia física, sexual ou emocional e unha de cada tres (33%) mulleres que sufriron violencia física ou sexual consumiron medicamentos, alcol ou drogas para afrontar o sucedido.
	das mulleres con discapacidade que sufriron violencia física, sexual ou emocional algunha parella din que a súa discapacidade é consecuencia da violencia das súas parellas. Esta porcentaxe ascende ao 23,4% entre as mulleres con discapacidade que sufriron violencia física ou sexual dalgunha parella.

Ruptura da violencia como consecuencia da violencia da parella



1. O 77,4% das mulleres que sufriron violencia física, sexual ou emocional dunha parella pasada romperon a relación como consecuencia dos episodios de violencia

2. Denunciar a violencia, buscar axuda nalgún servizo formal ou falar do sucedido con alguén do entorno incrementan as posibilidades de acabar coa relación violenta.



Ruptura da relación entre as mulleres que SI denunciaron ou buscaron axuda



Ruptura da relación entre as mulleres que NON denunciaron ou buscaron axuda

SAÍDA DA VIOLENCIA	
VÍTIMAS	REMATARON A RELACIÓN
VÍTIMAS DE VFSEM	77,40 %
VÍTIMAS DE V. FÍSICA O SEXUAL	82,80 %
DENUNCIARON E BUSCARON AXUDA	81,90 %
NIN DENUNCIARON NIN BUSCARON AXUDA	49,60 %

VIOLENCIA SEXUAL FORA DO ÁMBITO DA PARELLA

- Do total de mulleres de 16 ou máis anos residentes en España, o 6,5% (1.322.052) sufriron violencia sexual nalgún momento das súas vidas dalgunha persoa coa que non manteñen nin mantiveron unha relación de parella, e o 0,5% (103.487) nos últimos 12 meses.
- Un 3,4% (703.925 mulleres) do total de mulleres de 16 ou máis anos sufriron violencia sexual na infancia (antes de cumprir os 15 anos de idade).
- Un 2,2% (453.371 mulleres) do total de mulleres de 16 ou máis anos residentes en España foron violadas algunha vez na súa vida. O 74,6% das mulleres que sufriron unha violación, viviron tamén outras situacións de violencia sexual.
- O 13,7% das mulleres que sufriron algún tipo de violencia sexual afirman ser violadas cando estaban baixo os efectos do alcol ou as drogas.
- O 12,4% das mulleres que sufriu violencia sexual fora da parella di que nalgunha das agresións sexuais participou máis dunha persoa.
- Sufrir unha violación multiplica por 6 o risco de ter pensamentos de suicidio.

VÍTIMAS MAIORES DE 16 ANOS	PORCENTAXE
VÍTIMAS DE V. SEXUAL POR PERSOA NON PARELLA	6,5
VÍTIMAS DE V. SEXUAL POR PERSOA NON PARELLA, NO ÚLTIMO ANO	0,5
VÍTIMAS DE V. SEXUAL NA INFANCIA (0-15)	3,4
MULLERES VIOLADAS AO LONGO DA SÚA VIDA	2,2
VÍTIMAS DE VIOLACIÓN + OUTRAS VIOLENCIAS	74,6
VÍTIMAS DE VIOLACIÓN POR MAIS DUN AGRESOR	12,4
VÍTIMAS DE VIOLACIÓN BAIXO EFECTOS DE ALCOL OU DROGAS	13,7

● A violencia sexual PERMANECE OCULTA


Porcentaxe de mulleres que sufriron violencia sexual fora da parella e que denunciaron o sucedido na Policía, a Garda Civil ou no Xulgado




Se se teñen en conta tamén as denuncias realizadas por outra persoa ou institución, a porcentaxe de denuncia da violencia sexual ascendería ata o 11,1%.

VÍTIMAS DE VIOLENCIA SEXUAL FÓRA DA PARELLA	
VÍTIMAS DENUNCIANTES:	8,00 %
DENUNCIANTES TERCEIROS OU INSTITUCIÓNS	11,10 %
TOTAL AGRESIÓN DENUNCIADAS	19%

DENUNCIAS POR VIOLENCIA SEXUAL FÓRA DA PARELLA



- Hai demasiadas mulleres afectadas



Agresores violencia sexual fora da parella

SEXO DA PERSOA AGRESORA

No caso da violencia sexual que ocorre fora do ámbito da parella, os agresores son practicamente sempre homes: 99,6% das mulleres que sufriron violencia sexual experimentaron esta por parte dun home.




Lugar onde ocorreu a violencia sexual

O 44,2% das mulleres que sufriron violencia sexual fora da parella din que tivo lugar nunha casa (a da propia muller, a do agresor ou doutra persoa). Esta porcentaxe ascende ao 59,1% entre as mulleres que sufriron unha violación.




Agresores violencia sexual fora da parella

VÍNCULO CO AGRESOR



No caso das **violacións**, a porcentaxe de mulleres que foron violadas por un **descoñecido** é de so o 18,8%, o que implica que a maior parte das violacións son de homes que a muller coñecía de forma previa á agresión.


AGRESORES



Consecuencias da violencia sexual fora da parella

- 1.- O 16,2% das mulleres que sufriron violencia sexual fora da parella tiveron **lesións** de tipo físico como consecuencia desta violencia. Entre as mulleres que sufriron unha violación, o 37,8% tiveron lesións.
- 2.- O 53% das mulleres que sufriron violencia sexual fora da parella din que esta tivo para elas **consecuencias psicolóxicas, porcentaxe que ascende ao 78,9% entre as vítimas dunha violación.**
- 3.- O 12,7% das mulleres que sufriron violencia sexual fora da parella consumiu **medicamentos, alcol ou drogas** para afrontar o sucedido. Esta porcentaxe ascende ao 26,6% entre as mulleres que sufriron unha violación.
- 4.- Entre as mulleres que, tendo na actualidade unha **discapacidade** sufriron violencia sexual algunha vez na súa vida, o 14,3% din que a discapacidade é consecuencia dos episodios de violencia sexual.


CONSECUENCIAS DA VIOLENCIA SEXUAL FÓRA DA PARELLA




ACOSO SEXUAL

Comportamentos non desexados e cunha connotación sexual: miradas insistentes ou lascivas, contacto físico non desexado, exhibicionismo, envío de imaxes ou fotos sexualmente explícitas que fagan a unha muller sentirse ofendida, humillada ou intimidada.

- ◆ Do total de mulleres de 16 ou máis anos residentes en España o 40,4% sufriu acoso sexual, na meirande dos casos por parte dun home, nun 73,9% un home descoñecido, e en menor porcentaxe un amigo ou coñecido home ou ben un agresor da súa contorna laboral.



Agresores acoso sexual




ACOSO REITERADO OU STALKING

Comportamento realizado por unha mesma persoa de forma repetida de xeito que causa medo, ansiedade ou angustia á muller: chamadas telefónicas obscenas, ameazantes, molestas ou silenciosas, que a muller a seguiran ou espiaran, que danaran intencionadamente cousas súas ou que lle fixeran propostas inadecuadas en internet ou redes sociais

Do total de mulleres de 16 ou máis anos residentes en España o 15,2% sufriron esta forma de violencia.

O 12,1% das mulleres que sufriron stalking algunha vez na vida denunciárono na Policía, Garda Civil ou Xulgado e o 4,5% acudiron a un servizo médico ou de atención psicolóxica.



Casi o 60% das mulleres que sufriron stalking o sufrían cunha frecuencia semanal ou diaria.

Agresores stalking



Mulleres especialmente vulnerables á violencia sexual:

- Mulleres con discapacidade
- Mulleres novas de 16 a 24 anos
- Mulleres de 65 anos ou máis
- Mulleres nadas no estranxeiro
- Mulleres que viven en municipios pequenos

1.- Mulleres con discapacidade

As mulleres con discapacidade acreditada sufriron violencia sexual fora da parella ao longo das súas vidas en maior proporción (10,3%) que as mulleres sen discapacidade acreditada (6,2%).


O 20,7% das mulleres con discapacidade acreditada sufriu violencia física ou sexual dalgunha parella fronte ao 13,8% das mulleres sen discapacidade acreditada.

As mulleres con discapacidade acreditada denuncian a VFSEM da parella en maior medida (30,8%) que as mulleres sen discapacidade (20,9%).

O mesmo sucede coa procura de axuda formal: o 50,5% das mulleres con discapacidade buscaron axuda formal como consecuencia da VFSEM dalgunha da súa parellas fronte ao 31,1% das mulleres sen discapacidade acreditada que sufriron VFSEM.

MULLERES CON DISCAPACIDADE / SEN DISCAPACIDADE		
	MULLERES CON DISCAPACIDADE	MULLERES SEN DISCAPACIDADE
SUFRIRON VIOLENCIA SEXUAL FÓRA DA PARELLA	10,30 %	6,20 %
SUFRIRON VIOLENCIA FÍSICA OU SEXUAL NA PARELLA	20,70 %	13,80 %
DENUNCIARON A VFSEM	30,80 %	20,90 %
PROCURARON AXUDA FORMAL	55,50 %	31,10 %

MULLERES CON DISCAPACIDADE



2.- Mulleres novas de 16 a 24 anos

As mulleres novas sufriron violencia sexual fora da parella ao longo das súas vidas en maior proporción (11,0%) que as mulleres de 25 ou máis anos (6,0%).


As mulleres novas que sufriron violencia sexual e contaron o sucedido a persoas da contorna en maior medida (84,8%) que as mulleres de 25 ou máis anos (70,1%).

O 89,2% das mulleres de 16 a 24 anos denunciaron, buscaron axuda formal ou falado da violencia sexual fora da parella con persoas da contorna fronte ao 72,6% das mulleres de 25 ou máis anos.

A prevalencia do acoso sexual e do stalking é superior entre as mulleres de 16 a 24 anos.

MULLERES ESPECIALMENTE VULNERABLES Á VIOLENCIA Mulleres de entre 16 e 24 anos		
	MULLERES NOVAS DE 16 A 24 ANOS	MULLERES DE MAIS DE 25 ANOS
DENUNCIARON V. FÍSICA/SEXUAL NA PARELLA Ó LONGO DA VIDA	89,20 %	72,80 %
SUFRIRON ACOSO SEXUAL NALGUNHA OCASIÓN	34,70 %	60,50 %
SUFRIRON ACOSO SEXUAL ANTES DOS 15 ANOS	13,90 %	2,60 %
SUFRIRON STALKING NALGUNHA OCASIÓN	26,60 %	13,00 %
SUFRIRON STALKING ANTES DOS 15 ANOS	13,90 %	2,60 %

MULLERES NOVAS (16-24)



3- Mulleres de 65 ou máis anos


As mulleres de 65 ou máis anos mostran prevalencias de violencia na parella inferiores ás de quen ten entre 16 e 64 anos.

Así mesmo neste rango idade obsérvanse as seguintes características:

- Na parella actual, as mulleres maiores mostran prevalencias máis altas que as mulleres que teñen menos de 65 anos.
- As mulleres de 65 ou máis anos acudiron a servizos de axuda formal ou contaron o sucedido en menor medida que o resto de mulleres.

Este resultado mostra que as mulleres maiores ocultan a violencia vivida en bastante maior medida que o resto de mulleres, con todas as implicacións que isto conleva.

MULLERES MAIORES (+ 65 ANOS)		
	VÍTIMAS DE MAIS DE 65 ANOS	VÍTIMAS DE ENTRE 16 E 64 ANOS
CONTARON A PERSOAS DA CONTORNA A VFSEM	54,50 %	81,30 %
ROMPERON A RELACIÓN COA PARELLA	49,90 %	81,40 %



Mulleres nadas no estranxeiro

A incidencia da violencia na parella é superior entre as mulleres nadas no estranxeiro que entre as nadas en España.

Denunciaron a VFSEM da parella en maior medida (28,6%) que as nadas en España (20,0%).


As mulleres nadas no estranxeiro sufriron violencia sexual fora da parella ao longo das súas vidas nunha proporción lixeiramente superior (9,8%) que as mulleres nadas en España (6,0%).

O 5,2% das mulleres nadas no estranxeiro foron violadas por unha persoa distinta da súa parella ou exparella fronte ao 1,8% das mulleres nadas en España.

O 28,9% das mulleres que naceron noutro país e sufriron violencia sexual afirman que a violencia sexual tivo lugar exclusivamente en España, un 60,2% din que sucedeu no estranxeiro e un 10,9% que tivo lugar tanto en España como no estranxeiro.

MULLERES NADAS NO ESTRANXEIRO		
	VÍTIMAS NADAS NO ESTRANXEIRO	VÍTIMAS NADAS EN ESPAÑA
DENUNCIARON VFSEM DA PARELLA	28,60 %	20,00 %
SUFRIRON VIOLENCIA SEXUAL FÓRA DA PARELLA	9,80 %	6,00 %
FORON VIOLADAS FÓRA DA PARELLA OU DA EXPARELLA	5,20 %	1,80 %
SUFRIRON VIOLENCIA SEXUAL EN ESPAÑA	28,90 %	
SUFRIRON VIOLENCIA SEXUAL OUTRO PAÍS	60,20 %	
SUFRIRON VIOLENCIA SEXUAL EN ESPAÑA E NO ESTRANXEIRO	10,90 %	

MULLERES NADAS NO ESTRANXEIRO



Pódese consultar a Macroenquisa completa no link:

https://violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/macroencuesta2015/pdf/Macroencuesta_2019_estudio_investigacion.pdf

DATOS DE VIOLENCIA SEXUAL EN ESPAÑA CORRESPONDENTES AO ANO 2019: INFORME SOBRE DELITOS CONTRA A LIBERDADE E INDEMNIDADE SEXUAL EN ESPAÑA 2019.

O 22 de xaneiro de 2021 o Ministerio do Interior, concretamente a Secretaría de Estado de Seguridad, facía público o Informe sobre delitos contra la libertad en indemnidad sexual en España 2019.

INFORME SOBRE DELITOS CONTRA LA LIBERTAD E INDEMNIDAD SEXUAL EN



<http://www.interior.gob.es/web/archivos-y-documentacion/informe-sobre-delitos-contra-la-libertad-e-indemnidad-sexual-en-espana>

Os datos do Informe foron obtidos do Sistema Estatístico de Criminalidade (SEC). Para o seu cómputo téñense en conta os feitos dos que tiveron coñecemento os seguintes corpos policiais: Garda Civil, Corpo Nacional de Policía, Policías dependentes das comunidades autónomas (Ertzaintza, Mossos d'Esquadra e Policía Foral de Navarra) e as Policías Locais que facilitan datos ao SEC. De todas as variables estatísticas non todos os corpos policiais achegan datos.

Definición cómputo estatístico dos delitos contra a liberdade e indemnidad sexual

No Título VIII de Libro II do Código penal (arts.178 ao 194) inclúense os delitos contra a liberdade e indemnidade sexuais. As tipoloxías penais que se computaron inclúen o seguinte articulado:

AGRESIÓN SEXUAL	178 y 183.2
AGRESIÓN SEXUAL CON PENETRACIÓN	179
ABUSO SEXUAL	181, 183.1
ABUSO SEXUAL CON PENETRACIÓN	182
DELITO CONTACTO MEDIANTE TECNOLOGÍA <16 AÑOS FINES SEXUALES	183 ter, 189 bis
ACOSO SEXUAL	184
EXHIBICIONISMO	185, 189 bis
PROVOCACIÓN SEXUAL	186, 189 bis
CORRUPCIÓN DE MENORES/INCAPACITADOS	183 bis, 189 bis
DELITOS RELATIVOS A LA PROSTITUCIÓN	187 y 188, 189 bis
PORNOGRAFÍA DE MENORES	189.1, 2, 3, 4, 5, 189 bis

Conceptos

Por **feitos coñecidos** enténdese o conxunto de infraccións penais e administrativas, que foron coñecidas polas distintas Forzas e Corpos de Seguridade, ben por medio de denuncia interposta ou por actuación policial realizada motu proprio (labor preventivo ou de investigación).

O concepto de **vitimización** vén referido ao número de feitos denunciados por persoas nos cales manifestan ser vítimas ou prexudicadas por algunha infracción penal. Diferénciase do concepto de vítima, xa que este refírese a persoas individuais.

